



CONCELLO DE VILASANTAR (A Coruña)

INFORMACIÓN DE INTERESE **PARQUE EÓLICO BRANCELLAO**

O Concello de Vilasantar amosou aos seus veciños, na reunión celebrada este pasado mércores, o rexeitamento frontal e firme ante o proxecto de instalación do parque eólico Brancellao. Dito parque afectaría por completo á parroquia de Barbeito e parte das parroquias de Vilasantar e de Mezonzo.

Dende o Concello consideramos que o parque ***non é compatible coa actividade agrícola, gandeira e forestal que se desenrola diariamente no noso termo municipal, a maiores de non cumprir en diversos aspectos a normativa de instalación de parques eólicos.***

O Concello de Vilasantar pon a disposición da veciñanza interesada un equipo asesor para poder alegar contra dita instalación; estarán no concello o próximo **mércores día 15 de marzo en horario de 10 a 13:30 horas**. As alegacións de particulares e interesados poderanse presentar ata o día 5 de abril e as propias do Concello ata o 20 de abril.

Tamén se porá a disposición, na páxina web www.vilasantar.gal diversos planos elaborados polo propio Concello onde se visualiza a situación do parque cos seus accesos e as súas infraestructuras; pode consultarse tamén, no salón de plenos do edificio consistorial.

En Vilasantar, 11 de marzo de 2022

Asdo., Fernando Pérez

